

#ASoluciónCooperativa

Xogo de creación de empresas

27 de novembro
10:00 a 14:00h

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Santiago de Compostela (Avda. das Nacións s/n)

Coñeces a economía social?

Xogo de creación de empresas #ASoluciónCooperativa

O Centro de Estudos Cooperativos – CECOOP e a Rede Eusumo achéganche a Economía social á facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

A través de diferentes actividades poderase coñecer de primeira man algunhas das diferentes familias que forman a economía social galega.

A QUEN VAI DIRIXIDO?

Estas actividades pretenden achegar e visualizar a economía a toda a comunidade universitaria: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de servizos xerais. Tamén está pensada para todas aquelas persoas que queiran achegarse e que estean interesadas na Economía Social.

EXPOSITORES:

Contaremos cun espazo no cal se presentarán algunhas das familias da Economía Social, así como a propia Rede Eusumo. Poderás achegarte a AESGAL, AGACA, AEIGA, CEGASAL, ESPAZOCOOP.

ACTIVIDADES:

As persoas que participen coñecerán as vantaxes e particularidades da fórmula cooperativa como modelo empresarial máis axeitado para emprender nos momentos actuais. Traballaranse os aspectos clave na creación dunha empresa, dende a maduración da idea de negocio ata a súa presentación en público, mellorando así as habilidades dos asistentes como emprendedores.

PROGRAMA

10:00 h Recepción e presentación da Rede Eusumo e dos recursos que ten a disposición dos proxectos cooperativos.

10:30 h Presentación do xogo de empresa e do caso práctico de empresa cooperativa a crear.

11:00 h Realización do caso por parte dos asistentes agrupados en grupos de traballo, titorizados polo equipo docente do seminario.

12:00 h Pausa

12:20 h Presentación práctica a cargo dos docentes dos aspectos clave para comunicar proxectos e captar financiamento para os mesmos.

13:00 h Presentacións por parte dos grupos dos seus proxectos empresariais: "elevator pitch"

13:40 h Avaliación das presentacións e conclusións

14:00 h Peche do xogo

A actividade ten carácter gratuíto.

Pódeste inscribir no **981 558 008** ou en eusumo.emprego@xunta.gal

Máis información en: www.eusumo.gal